


O SISTEMA URBANO ESPAÑOL

As cidades españolas constitúen un **sistema** integrado polo conxunto das cidades e as relacións que se establecen entre elas. No espazo, o sistema urbano debuxa **redes** compostas por nodos (as cidades) e liñas (os fluxos que as relacionan).

As cidades teñen unhas características (**tamaño e funcións**), a partir das cales exercen a súa **influencia sobre un área máis ou menos ampla** (local, rexional, nacional ou mundial) e ocupan unha **posición xerárquica** dentro do sistema urbano e conforman eixes urbanos con diferente nivel de dinamismo e de integración. Estes eixes, herdados da época industrial, experimentaron cambios desde a década de 1980 en relación coa implantación das autonomías (que está favorecendo a creación de subsistemas urbanos rexionais) e a integración española no contexto internacional.



Selectividade:

Exercicio práctico:

- Mapa do sistema urbano en España.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Cite as cinco comunidades autónomas que non teñen aglomeración maior de 250000 habitantes (1p).

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:


● Identifique o documento e xustifique a que categoría de xerarquía urbana corresponden as seguintes metrópolis: Zaragoza, Córdoba e Madrid. (1p).

● Que aspectos condicionan a distribución dos principais espazos de concentración urbana? (1p).

● Explique as consecuencias do actual sistema urbano no interior peninsular (1p).



Selectividade:

Setembro 2017 - Opción-A



LA JERARQUÍA URBANA ESPAÑOLA


- Metrópolis nacionales
 - Metrópolis regionales
 - Metrópolis subregionales
 - Ciudades medias
 - Ciudades pequeñas
 - Ligazones interurbanas
 - Ligazones interurbanas débiles
- Ejes urbanos**
- Eje gallego
 - Eje cantábrico
 - Eje mediterráneo
 - Eje andaluz
 - Eje del valle del Ebro
 - Eje diagonal en formación



1.- OS COMPOÑENTE DO SISTEMA URBANO

► O tamaño das cidades españolas

O **tamaño demográfico** das cidades establécese segundo a regra rango-tamaño, que lle outorga a cada cidade un rango ou número de orde no sistema de acordo co tamaño da súa poboación.




- O maior tamaño demográfico corresponde a quince aglomeracións urbanas que superan os 500000 hab:
 - Con máis de cinco millóns de habitantes destacan en primeiro lugar **Madrid** e a súa área metropolitana e, en segundo lugar, **Barcelona** e a súa área metropolitana, que conta con máis de tres millóns e ten un tamaño moi superior ao que corresponde á segunda aglomeración nacional, o que configura un sistema bipolar.

- A continuación, sitúanse cinco aglomeracións que superan os 800000 hab: **Valencia, Sevilla, Bilbao, Cidade Ástur e Málaga**; e outras oito con máis de 500000 hab: **Zaragoza, Alacant-Elx, Baía de Cádiz, Murcia, Las Palmas de Gran Canaria, Granada, Vigo-Pontevedra e Palma de Mallorca.**

- **Tras ellas, hai un elevado número de cidades** entre os 500000 e os 250000 hab., que medraron nos últimos anos debido ao proceso de descentralización cara a elas de parte da poboación e das actividades económicas desde as grandes aglomeracións urbanas.

- En definitiva, a **distribución territorial** das cidades polo seu tamaño caracterízase por unha localización no centro peninsular da maior aglomeración urbana, Madrid, rodeada das principais aglomeracións urbanas, situadas na periferia, e dun espazo interior pouco urbanizado, onde predominan as cidades medianas e pequenas.



EL TAMAÑO DE LAS CIUDADES ESPAÑOLAS



La distribución de las aglomeraciones según su tamaño se caracteriza por su disposición en forma semianular en la periferia, entorno a un espacio interior poco urbanizado en cuyo centro se encuentra la mayor aglomeración del país.



► As funcións urbanas

As **funcións** que realizan son outro dos factores que determina a posición das cidades no sistema urbano. As funcións urbanas son as actividades socioeconómicas que desempeñan as cidades cara ao exterior, non as encamiñadas ao servizo interno da cidade. Segundo a súa función principal, as cidades poden clasificarse en diversos tipos, aínda que as grandes cidades desempeñan varias funcións simultaneamente.



- **Cidades primarias:** Teñen unha especialización en actividades do sector primario. Destacan pola súa importancia, as *agrocidades* andaluzas, manchegas, murcianas e levantinas, como Almendralejo, Écija, Osuna...

*Agrocidade: Montilla,
Córdoba.*

● Cidades secundarias:

- nuns casos están especializadas na industria, como as primeiras cidades industrializadas do País Vasco, Cataluña ou Asturias, ou as que medraron coa política de desenvolvemento (Huelva, Valladolid, Zaragoza...), tamén moitas das que forman parte das grandes áreas metropolitanas teñen función industrial.
- noutros casos están especializadas na construción, como é o caso das cidades de gran dinamismo económico, demográfico ou turístico, como Málaga ou Barcelona.



*Cidade secundaria:
Avilés, Asturias*


- **Cidades terciarias:** están especializadas nos servizos, que son as actividades que mellor definen o rango dunha cidade e o seu papel organizador do espazo. Estes servizos poden ser empresariais, financeiros, comerciais, de transporte, administrativos, culturais, sanitarios, relixiosos, turísticos... Exemplo de cidades moi terciarizadas son Madrid ou Palma.



Cidade terciaria: Santiago de Compostela, tres son os piares principais da súa actividade económica: o turismo, a Universidade e a actividade político-administrativa.

► A área de influencia urbana

- As funcións desempeñadas cara ao exterior converten ás cidades en **lugares centrais**, que abastecen de bens e servizos unha área máis ou menos extensa, denominada **hinterland** ou **área de influencia**, que será maior canto máis diversas e especializadas sexan as funcións urbanas: nacional, rexional, subrexional, comarcal ou local.
- O alcance da área de influencia urbana pode modificarse en función dos cambios económicos e dos medios de transporte e comunicacións existentes.



► As relacións urbanas no sistema de cidades

● As cidades dun sistema urbano relaciónanse entre si. Estas relacións mídense polos fluxos económicos (mercadorías, capitais, investimentos), de persoas e doutros tipos (políticos, administrativos, culturais ou de información). Cando os fluxos son unidireccionais entre unha cidade e outra, indica relacións de *dominio/subordinación*; cando son bidireccionais, indican relacións de *integración/competencia*.

● As relacións entre as cidades do sistema urbano español caracterízanse polos seguintes rasgos:

- **Madrid** mantén relacións intensas co resto das metrópoles, especialmente con Barcelona.

- **Barcelona** ten unha influencia xeral máis débil, aínda que intensa no sector oriental peninsular e Baleares.

- As cinco metrópoles principais do **cuadrante nordés** (Madrid-Barcelona-Valencia-Bilbao-Zaragoza) manteñen intensas relacións.

- **No resto do sistema**, as relacións entre cidades son menores e incompletas. As áreas con maior desconexión entre cidades é a que rodea Portugal, agás Galicia; na Submeseta Sur hai amplo espazos desconectados; as relacións entre as metrópoles andaluzas e levantinas son pouco intensas e no Cantábrico as relacións debilítanse cara ao oeste.



2.- A XERARQUÍA URBANA ESPAÑOLA

As cidades do sistema urbano español constitúen unha rede urbana xerarquizada propia dun país industrializado. Estas exercen certa influencia cara á súa área circundante a partir das funcións e servizos que ofrecen. As cidades conforman unha rede de relacións e de influencias na súa área circundante porque son nós de comunicacións, centros de produción e distribución de bens e provedores de servizos.

O tamaño demográfico, as funcións e a extensión da área de influencia dan lugar a unha **organización xerárquica** das cidades españolas, nas que se distinguen distintas categorías.



- **Metrópolis**: son as áreas metropolitanas situadas no cume da xerarquía urbana. A súa poboación supera os **200000/250000 hab**; desempeñan as funcións máis diversificadas e especializadas, e posúen unha extensa área de influencia. Á súa vez pode facerse unha distinción entre:



Metrópolis nacionais

Localización e nº de habitantes

- grandes áreas metropolitanas de Madrid e Barcelona.
- máis de 3 millóns de hab.

Funcións

- moi diversificadas: servizos moi especializados (xestión, financeiros, innovación, cultura e esparcemento), oficinas de empresas nacionais e multinacionais e industrias de alta tecnoloxía.

Área de influencia

- nacional e manteñen estreitas relacións con outras metrópoles internacionais, enlazando así o sistema urbano español co europeo e mundial.



Barcelona

Metrópolis rexionais

Localización e nº de habitantes

- áreas metropolitanas medias de Valencia, Sevilla, Bilbao, Málaga e Zaragoza.
- entre 1,5 millóns e 500000 hab.

Funcións

- diversificadas industriais e terciarias e servizos especializados, especialmente administrativos e comerciais.

Área de influencia

- rexional e manteñen intensas relacións coas metrópolis nacionais.

Málaga



Metrópolis subrexionais

Localización e nº de habitantes

- áreas metropolitanas pequenas de Valladolid, Pamplona, Córdoba, Vigo, A Coruña, Oviedo, Murcia, Alacant, Cádiz, Palma de Mallorca...
- entre 500000 e 250/200000 hab.

Funcións

- diversificadas e servizos especializados (Universidade).

Área de influencia

- subrexional ou rexional no caso das Comunidades Autónomas uniprovinciais.



Palma de Mallorca

- **Cidades medias**: A maioría son capitais de provincia que non se consideran metrópolis, como León, Albacete, Badaxoz, Santiago... A súa poboación está entre os **250/200000 e 50000** hab. Desempeñan funcións menos diversificadas e céntranse en servizos comerciais, administrativos, educativos e sanitarios de ámbito provincial. Son puntos terminais dunha densa rede de autobuses que as comunica coas poboacións próximas.




Estación de autobuses de León.

- **Cidades pequenas ou vilas:** A súa poboación está entre os **50000 e 10000** hab, como Soria, Teruel, Astorga (León), Lalín (Pontevedra), Monforte de Lemos (Lugo)... Desempeñan escasas funcións e pouco especializadas, aínda que poden contar con equipamentos de certa especialización (educación secundaria e profesional, servizos sanitarios) Son nodos de transporte para a bisbarra e a súa área de influencia é comarcal.




Lalín, Pontevedra.



JERARQUÍA URBANA


- Metrópolis altamente globalizadas (escala nacional y mundial)
- Metrópolis nacionales y regionales
- Centros urbanos regionales (metrópolis subregionales)
- Ciudades medias y resto de capitales provinciales
- Ciudades pequeñas
- Cabeceras comarcales o villas



Fuente: Méndez y Molinero

3.- OS EIXES URBANOS

● Os aspectos que condicionan a distribución dos principais espazos de concentración urbana en España son factores físicos (clima e altitude) e humanos (evolución histórica e económica). O sistema urbano español baséase nun **núcleo central e diversos eixes periféricos** que se relacionan co crecemento industrial e as políticas industriais (tendencia á concentración industrial en Cataluña, País Vasco e Madrid), así como a terciarización da economía nos últimos anos. A terciarización industrial beneficiou de forma especial ás grandes cidades; o aumento do emprego nas administracións públicas, que están situadas nas capitais, fíxoas medrar; e o turismo que potenciou especialmente as cidades da costa mediterránea e dos arquipélagos.




ADOLIDE GIJON SANTIAGO
EA CORUNA EL CHESEVILLE PA
MADRID
VALENCIA OVIEDO ALICANTE LAS PALM
SANTANDER HUELVA BARCELONA MARI
ALICANTE ZARAGOZA BURGOS
PAMPLONA LEON CORDOBA
GRANADA VIGO CADIZ LONA
SALAMANCA GIRONA
TOLEDO OURS




As distintas categorías de cidades distribúense no espazo formando agrupamentos ou eixes urbanos.


- O **sistema urbano español** herdado da etapa industrial caracterízase pola localización no centro da maior aglomeración urbana do país, Madrid, rodeada por eixes urbanos periféricos e por un interior pouco urbanizado, sen eixes integrados.




► **Os eixes urbanos periféricos** dispóñense de forma semianular en torno á capital.



► **Madrid** é o núcleo urbano principal de España. Caracterízase polas súas funcións terciarias avanzadas e mantén relacións coas cidades das provincias limítrofes e coas principais cidades españolas.



► **Nas Illas Canarias e Baleares**, a formación de eixes urbanos é difícil pola fragmentación territorial en illas. As cidades máis destacadas son as capitais autonómicas, especializadas en actividades turísticas. As relacións co sistema urbano peninsular teñen lugar sobre todo con Madrid, e con Valencia e Barcelona no caso de Baleares.





- O eixe do Val do Ebro entre Vitoria e Tarragona, ten como cidade principal Zaragoza. É un eixe dinámico, con equilibrio entre a industria e os servizos, especialmente os relacionados coa súa posición de intermediación (transporte, loxística, distribución), dado que enlaza os eixes cantábrico e mediterráneo. Ademais, mantén importantes relacións con Madrid.

- O eixe mediterráneo comprende desde Girona a Cartaxena. É o eixe máis dinámico, cunha industria moi diversificada e un forte peso da construción e dos servizos, sobre todo, do turismo, que desprazaron á industria como factor principal de urbanización. Conecta cos eixes do Ebro (desde Tarragona), con Madrid (a través de Albacete), con Andalucía (a través de Granada) e con Baleares (desde Valencia e Barcelona)

- O **eixe atlántico galego** esténdese pola costa entre Ferrol e Vigo, con prolongacións cara ao interior (Ourense e Lugo). Atópase especializado no comercio e no transporte. Relaciónase coas cidades do interior galego, Ourense e Lugo, e trata de mellorar as súas relacións con Madrid e co eixe cantábrico.


- O **eixe cantábrico** é un eixe discontinuo que inclúe o triángulo asturiano (Oviedo - Xixón -Avilés), Santander, o triángulo vasco (Bilbao-San Sebastián-Vitoria) e Pamplona. Atópase en fase de axuste, con progresiva perda da preeminencia da industria madura e implantación de novas actividades. Relaciónase con cidades próximas do interior (León, Burgos e Logroño) e trata de incrementar as súas relacións con outros eixes: Asturias con Andalucía (a través da ruta da Prata) e o País Vasco co eixe do Ebro.






- O eixe do Val do Ebro entre Vitoria e Tarragona, ten como cidade principal Zaragoza. É un eixe dinámico, con equilibrio entre a industria e os servizos, especialmente os relacionados coa súa posición de intermediación (transporte, loxística, distribución), dado que enlaza os eixes cantábrico e mediterráneo. Ademais, mantén importantes relacións con Madrid.

- O eixe mediterráneo comprende desde Girona a Cartaxena. É o eixe máis dinámico, cunha industria moi diversificada e un forte peso da construción e dos servizos, sobre todo, do turismo, que desprazaron á industria como factor principal de urbanización. Conecta cos eixes do Ebro (desde Tarragona), con Madrid (a través de Albacete), con Andalucía (a través de Granada) e con Baleares (desde Valencia e Barcelona)



► **As cidades de Ceuta e Melilla**, especializadas en actividades terciarias, conectan sobre todo coas cidades andaluzas.

● O **eixe andaluz** é dobre. O eixe litoral, entre Almería e Huelva, é dinámico e está especializado no comercio, o turismo, a agricultura tecnificada ou as industrias básicas e relaciónase co eixe mediterráneo. O eixe do Val do Guadalquivir, entre a costa atlántica e Jaén, é menos dinámico e as súas cidades están ligadas ás actividades agrarias do contorno, a industrias locais e a actividades turísticas. Relaciónase con Madrid a través de Sevilla e co incipiente eixe estremeño.





► **O interior peninsular** carece de eixes urbanos integrados. Dominan as cidades pequenas especializadas en actividades tradicionais como a agroalimentación e o comercio, sendo as máis destacadas as capitais de provincias. Só Valladolid ten rango metropolitano grazas á súa condición de capital auto-nómica, pero o seu ámbito de influencia é limitado.

Este espazo presenta unha gran **irregularidade** no brusco salto de tamaño entre Madrid (metrópole nacional que actúa de potente imán de actividades económicas e de poboación) e un elevado número de cidades de rango inferior. As **consecuencias** son un espazo menos articulado (infraestruturas) e menos integrado ao carecer de cidades de rango medio; a ruptura da continuidade de tamaños na xerarquía urbana dificulta a prestación de servizos á poboación.


Non obstante estanse constituíndo **eixes incipientes ao longo das novas infraestruturas de transporte**, cuxas cidades se benefician da difusión de actividades desde as grandes aglomeracións: eixe Madrid-Albacete-Valencia/Alacant, eixe diagonal Badaxoz-Madrid-Zaragoza-Barcelona, eixe Madrid-Valladolid-A Coruña/Oviedo-Xixón

LA JERARQUÍA URBANA ESPAÑOLA



- O eixe diagonal Lisboa-Madrid-Zaragoza-Barcelona, aínda sen consolidar, conecta co arco mediterráneo e coa gran dorsal europea. Este eixe verase reforzado pola unión das súas cidades mediante un eixe multimodal de transportes de gran capacidade.

- Desde a década de 1980, o **sistema urbano español** está a experimentar **cambios**, en moitos casos todavía sen consolidar. As causas foron a implantación do Estado Autonómico, a integración na Comunidade Europea e os cambios na economía mundial, unidos ao proceso de globalización. Como consecuencia, o sistema urbano español intégrase nos sistemas urbanos europeo e mundial e está a crear sistemas urbanos rexionais. Estes caracterízanse polo incremento do peso das capitais autonómicas e das relacións entre as cidades da propia comunidade, en detrimento das relacións con Madrid e con outros sistemas rexionais.




● A integración de España na Comunidade Europea en 1986 supuxo a integración das cidades españolas na xerarquía urbana europea, aínda que a maior parte delas teñen todavía proxección nacional, rexional ou local.

- Ningunha cidade española forma parte das denominadas metrópolis globais.

- Só Madrid e Barcelona forman parte das denominadas locomotoras europeas

- Bilbao, Valencia e Palma de Mallorca forman parte das denominadas metrópolis europeas potenciais

- Só Sevilla forma parte das denominadas metrópolis europeas débiles



CLASIFICACION DAS GRANDES ÁREAS METROPOLITANAS - MEGA (Metropolitan European Growth Areas)

- A integración de España na Comunidade Europea en 1986 supuxo tamén a integración das cidades españolas no sistema europeo de cidades. En conxunto, as cidades españolas ocupan unha posición periférica no territorio europeo, polo que debe paliarse esa situación con redes transeuropeas de transporte e comunicación

- As cidades do eixo cantábrico e galego atópanse na área estancada dos “fisterras”.


- 1 Fisterras
- 2 Sures
- 3 Arco ou eixe mediterráneo
- Gran dorsal
- Arco mediterráneo

Fonte: Méndez, R. e Molino, F.: *Op. cit.*

- As cidades do sur da Meseta e Andalucía atópanse nos “sures” ou periferia urbana europea.

- As cidades do eixe mediterráneo encádranse no dinámico arco mediterráneo europeo.

O SISTEMA EUROPEO DE CIDADES



- As cidades do interior peninsular forman parte do desarticulado espazo continental europeo.